INFORMES

1. INTRODUCIÓN
2. ACCESO AOS INFORMES
3. LOCALIZAR INFORME
4. EXECUCIÓN DE INFORMES
5. DESCARGA DE INFORMES
6. EXEMPLOS DE INFORMES

1. INTRODUCIÓN

Os informes en Koha permiten reunir datos que poderemos empregar para xerar estatísticas, listas de persoas usuarias, listas de localizacións etc.

Neste manual veremos como executar e descargar os informes gardados en Koha.

2. ACCESO AOS INFORMES

1.- Preme na opción *Informes* do menú central da pantalla de Inicio ou no botón *Máis > Informes* do menú superior da Intranet.

2.- Aparece a pantalla *Informes*. No apartado *Informes guiados*, preme na opción *Utilizar gardados*, onde temos un repositorio de informes predefinidos que resultan de interese para unha biblioteca escolar.



3.- Vemos a pantalla *Informes gardados*.



Na pantalla amósase unha táboa que recolle información dos informes gardados. Está organizada en diferentes pestanas: unha primeira na que se mostran todos os

informes e outras nas que se agrupan polo módulo dos que se ofrece información: adquisicións, catálogo, circulación...

ID	Nome do informe	Tipo	Grupo	Subgrupo	Notas	Autor/a	Data de creación	Última vez editado	Última vez executado	Pública
1	ID.1 - Busca de exemplares para etiquetas		Xestión técnica		Búsqueda de exemplares por data para a creación das etiquetas	MEDIA, Xercode (58)	29/03/2019	10/06/2024 17:10	20/02/2025 14:42	Non
2	ID.2 - Códigos de barras de exemplares dende o último impreso		Xestión técnica		Búsqueda de exemplares maiores o que se indique como último impreso	MEDIA, Xercode (58)	03/04/2019	10/06/2024 17:11	10/03/2025 15:03	Non
13	ID.13 - Histórico de devolucións		Circulación		Número de devolucións nun rango de datas	MEDIA, Xercode (58)		16/01/2025 15:51	11/03/2025 19:40	Non
15	ID.15 - Bibliográficos dados de alta		Estatísticas		Número de rexistros bibliográficos dados de	MEDIA, Xercode (58)		16/01/2025 16:01	04/03/2025 09:09	Non

3. LOCALIZAR INFORMES

É posible localizar informes de diferentes xeitos:

- Empregando os filtros de busca situados á esquerda da pantalla e pulsando o botón *Aplicar filtro*. Os resultados que coincidan coa busca realizada aparecerán na táboa da dereita.



- Empregando a caixa *Buscar* situada na táboa. Así poderemos localizar un informe filtrando por calquera campo dos recollidos na táboa, por exemplo polo ID (identificador único do informe), polo nome ou parte do nome etc. Os resultados atopados mostraranse na táboa.



ID	Nome do informe	Tipo	Grupo	Subgrupo	Notas	Autor/a	Data de creación	Última vez editado	Última vez executado	Pública
22	ID. 22 - Adquisicións por idioma		Adquisicións		Número de exemplares adquiridos por idioma nun rango de datas	MEDIA, Xercode (58)	17/10/2019	22/01/2025 09:52	10/03/2025 11:25	Non
33	ID.33 - Exemplares por idioma		Inventario		Número de exemplares por idioma	MEDIA, Xercode (58)	21/10/2019	21/01/2025 10:18	10/03/2025 12:01	Non
112	ID.112 - Fondos máis emprestados filtrando por idioma		Circulación		Este informe exclúe os rexistros bibliográficos que non teñen (ou teñen incorrecto) o código de idioma	MEDIA, Xercode (58)	05/03/2024	20/01/2025 12:20	10/03/2025 11:29	Non
134	ID.134 - Préstamos por idioma entre dúas datas		Circulación			MEDIA, Xercode (58)	30/05/2024	11/06/2024 08:35	07/03/2025 10:38	Non
148	Exemplares por idioma (contador)		Inventario		Número de exemplares por idioma	MEDIA, Xercode (58)	21/01/2025	22/01/2025 08:35	10/03/2025 12:02	Non

- Navegando a través das pestanas e das páxinas que forman parte da táboa para localizar o informe desexado.



ID	Nome do informe	Tipo	Grupo	Subgrupo	Notas	Autor/a	Data de creación	Última vez editado	Última vez executado	Pública
1	ID.1 - Busca de exemplares para etiquetas		Xestión técnica		Búsqueda de exemplares por data para a creación das etiquetas	MEDIA, Xercode (58)	29/03/2019	10/06/2024 17:10	20/02/2025 14:42	Non
2	ID.2 - Códigos de barras de exemplares dende o último impreso		Xestión técnica		Búsqueda de exemplares maiores o que se indique como último impreso	MEDIA, Xercode (58)	03/04/2019	10/06/2024 17:11	10/03/2025 15:03	Non
13	ID.13 - Histórico de devolucións		Circulación		Número de devolucións nun rango	MEDIA, Xercode (58)		16/01/2025 15:51	11/03/2025 19:40	Non

4. EXECUCIÓN DE INFORMES

Unha vez localizado o informe que queremos consultar, preme no seu botón *Executar* (situado na última columna denominada *Accións*).



Algúns informes pedirannos parámetros para executarse (que varían segundo o tipo de informe).

Os que non precisan de parámetros, executaranse directamente.

Por exemplo:

- Para executar o informe *16 – Adquisicións* é necesario introducir un rango de datas.



- Tamén pode pedirnos un código de barras, como o informe *2 – Códigos de barras de exemplares dende o último impreso*.



- Ás veces teremos que escribir o código da lingua para a que queremos realizar a consulta, como no informe *152 – Listaxe de títulos por lingua*.



Unha vez configurados os parámetros, preme o botón *Executar informe*. O sistema amosará os datos do informe nunha táboa paxinada.

5. DESCARGA DE INFORMES

1.- Partimos da táboa paxinada á que chegamos no punto anterior.



2.- Preme no botón *Descargar* e escolle a opción de formato desexada.

3.- As dúas opcións de descarga máis recomendables son o *formato .csv* e o formato *Folla de cálculo de OpenDocument*.

a) Texto separado por comas (.csv)

1.- Preme o botón *Descargar* e escolle esta opción.



2.- O sistema descargará un documento en formato .csv.



3.- Para visualizalo correctamente, abre unha folla de cálculo de LibreOffice Calc en branco (ou un documento de Excel) e preme en *Arquivo > Abrir*.



4.- Localiza no teu equipo o documento .csv descargado e ábreo.

5.- Na ventá *Importación de texto*, escolle:

- No conxunto de caracteres, a opción *Unicode (UTF-8)*.
- Nas opcións de separador, *Separado por* e *Punto e coma* e pica en *Aceptar*.



6.- Abriranse na folla de cálculo os datos importados ordenados en columnas.

	A	B	C
1	CDU	Total	
2	82-T	12	
3	82-N	4	
4	82-C	2	
5	82-P	2	
6	79 792	2	
7	37	2	
8	74	1	
9	79	1	
10	75	1	
11			
12			

7.- Se queres gardar a folla de cálculo cos datos do informe (para non ter que importar a información do .csv a próxima vez que a queiras consultar) pica en *Arquivo > Gardar como*.



8.- Indica onde queres gardar o documento, con que nome e en que formato. Ao rematar a configuración, preme *Gardar*.

b) Folla de cálculo OpenDocument

1.- Escoller *Folla de cálculo OpenDocument* das opcións do botón *Descargar*.



2.- O sistema descarga o documento en formato .ods.



3.- Localiza no equipo onde se descargou o documento e ábreo co Microsoft Excel ou co LibreOffice Calc. Os datos do informe aparecerán ordenados por columnas.

	A	B	C
1	CDU	Total	
2	82-T	12	
3	82-N	4	
4	82-C	2	
5	82-P	2	
6	79 792	2	
7	37	2	
8	74	1	
9	79	1	
10	75	1	
11			
12			

6. EXEMPLOS DE INFORMES

Vexamos a continuación algúns exemplos de informes máis empregados nas bibliotecas escolares:

- **ID.27 - Fondos máis emprestados**

  O informe *ID.27 - Fondos máis emprestados* devolve os 100 fondos documentais máis emprestados nun rango de datas, amosando a seguinte información: biblionumber, título, autoría, editorial, ISBN, idioma e número de préstamos.

ID.27 - Fondos máis emprestados

Notas: 100 fondos máis emprestados nun rango de datas

Número total de resultados: 100.

Filas por páxina: 100

Biblionumber	Título (245a)	Autor/a (245c)	Editorial (260b)	ISBN (020)	Idioma (008/35-37)	Prestamos
21478	La piscina	/ Ji Hyeon Lee	: Barbara Fiore Editora	9788415208501	spa	8
53393	Camiño primitivo	/ Eduardo Baamonde ; [textos, Ricardo Polín, Eduardo Baamonde e Asociación Cultural Casa das Letras]	:AsociacioÌ□n Cultural Casa das Letras	9788461734528	glg	7
6977	Bandada	/ María Julia Díaz Garrido e David Daniel Álvarez Hernández	: Kalandraka	9788484648055	glg	6
355294	Oh!	/ Josse Goffin	: Kalandraka	9788413431024	glg	5
249903	Animalfabeto	/ Eva Mejuto	: Triqueta Verde	9788418687228	glg	4
21476	La ola	/ Suzy Lee	: Barbara Fiore	9788493618544	spa	3
21787	El libro negro de los colores	/ Menena Cottin	: Libros del Zorro Rojo	9788492412198	spa	3
22173	O branco non pinta!	/ Antía Otero	: Apiario	9788494321085	glg	3
22210	Picnic	/ María Ramos	: Fulgencio Pimentel	9788416167487	spa	3
52928	A meniña de libros	/ Oliver Jeffers	: Patasdepeixe	9788493935092	glg	3
61382	Miña guía, meu capitán	/ Gonzalo Moure	: Kalandraka	9788413430300	glg	3
82962	Familiarium	/ Mar Cerdà	: Comanegra	9788417188771	spa	3
83274	Onde viven os monstros	/ Maurice Sendak	: Kalandraka	9788484648598	glg	3
83385	Migrantes	/ Issa Watanabe	: Libros del Zorro Rojo	9788494990151	spa	3
87854	Los cinco desastres	/ Beatrice Alemagna	: A buen paso	9788494157974	spa	3
173643	¡Hola, faro!	/ Sophie Blackall	: Lata de Sal	9788412078060	spa	3

- **ID.32 - Exemplares por tipo de documento (folla de traballo)**

  O informe *ID.32 - Exemplares por tipo de documento (folla de traballo)* ofrece información sobre o número total de exemplares que temos na nosa biblioteca, desglosados por tipo de documento (excluíndo retirados ou perdidos).

ID.32 - Exemplares por tipo de documento (folla de traballo)

Notas: Número de exemplares por tipo de documento, excluindo retirados ou perdidos

Número total de resultados: 12.

Filas por páxina: 20

Código da folla de traballo	Folla de traballo	Total
		1
ARQ	Arquivo de ordenador	6
GNP	Gráfico non proxectable	6
GPR	Gráfico proxectable	124
KIT	Kit	22
MAP	Mapas impresos	9
MIX	Material mixto	20
MTXT	Material textual	5230
MUS	Música impresa	4
SER	Publicación Seriada / Revista	16
SON	Gravacións sonoras	36
TRI	Obxectos tridimensionais	23

- **ID.79 - Bibliotecarios e axudantes**

  O informe *ID.79 - Bibliotecarios e axudantes* ofrece información sobre as persoas bibliotecarias e axudantes que conforman o equipo de biblioteca,

amosando información relativa ao borrowernumber, nome de persoa usuaria, carné, categoría, número de lector Meiga (de ser o caso) e os permisos que teñen cada unha das persoas.

- **ID.89 - Títulos con cinco ou máis exemplares**

  O informe *ID.89 - Títulos con cinco ou máis exemplares* ofrece información sobre que rexistros bibliográficos temos na nosa biblioteca con cinco ou máis exemplares, amosando biblionumber, título, autoría e cantidade de ítems.

ID.89 - Títulos con cinco ou máis exemplares

Notas: Rexistros bibliográficos con cinco ou máis exemplares

Número total de resultados: 159 (20mostrado).

Filas por páxina: 20

<< < 1 2 3 ... 8 > >>

Biblionumber	Título	Autor	Cantidade
1425	Street poems	Alonso, Francisco	9
6977	Bandada	Díaz Garrido, María Julia e Álvarez Hernández, David Daniel	9
7806	Cara de velocidade	Tojo, Marga	9
21478	La piscina	Lee, Ji Hyeon	9
53365	Ser o no ser... una manzana	Yoshitake, Shinsuke	9
7215	A poesía necesaria	García Teijeiro, Antonio	8
7836	44 poemas para leer con niños	Benegas, Mar	8
22152	Tinta de luz	Cáccamo, Pepe	8
35650	Bechopoemas e outras bestas	Bilbao, Leire	8
51346	Nunca mascotas	Carballeira, Paula	8
52227	La lectura y la vida. Cómo incitar a los niños y adolescentes a la lectura: una guía para padres y maestros.	Teixidor, Emili	8
52586	Inazuma Eleven	Yabuno, Ten'ya	8
52956	Dactilografías	Fontcuberta, Joan	8
7786	Animalia 1	Tomás, Xosé	7
7822	A ciencia do día a día	López Rigo, Caterina	7
21787	El libro negro de los colores	Menena Cottin/Rosana Faría	7
52181	Marco de referencia para las bibliotecas escolares		7
52486	Cidades	Alonso, Francisco	7
52537	Neandertal	Roudier, Emmanuel	7

- **ID.99 - Rexistros incompletos**

  O informe *ID.99 - Rexistros incompletos* resulta de especial interese para aquelas bibliotecas escolares que non puideron depurar o seu catálogo antes da migración de Meiga a Koha, xa que ofrece a listaxe de rexistros bibliográficos incompletos e que sería aconsellable ir completando. Para iso, simplemente prememos no biblionumber e abrirase o rexistro bibliográfico, indicando no recadro vermello que información é preciso cumprimentar.

ID.99 - Rexistros incompletos

Notas: Rexistros bibliográficos incompletos

Número total de resultados: 158.

Filas por páxina: 1000

Biblionumber	Título	Autores	Códigos de barras	Sinaturas
15315	Wallace	Fonfría, Josè	CEL009000001315,CEL009000001327	57 FON wal,57 FON wal
29138	Galimatías	FAERBER, Jay e BUENO, Fran	CEL009000000677,CEL009000000690,CEL009000001101	82-C VAR gal,82-C VAR gal,82-C VAR gal
35314	O meu pé de laranja lima		CEL009000004178,CEL009000004280,CEL009000004292,CEL009000004358	82-N VAS ped,82-N VAS ped,82-N VAS ped,82-N VAS ped
35350	Antonio Fraguas	Héctor Cajaraville	CEL009000003056	92 CAJ ant
35771	Lección de pesca	Böll, Heinrich	CEL009000000886,CEL009000000922	82-C BÖL lec,82-C BÖL lec
35805	Nicolás va de compras /	BATA	CEL009000002076	82 nic
39430	Vente, rapasa	Castro, Rosalía de	CEL009000004552	82-P CAS ven
52147	Bibliotecas escolares : premios 2007		CEL009000000004	02 MEC bib
52152	De la estantería al catálogo. Organización y gestión de la biblioteca escolar.		CEL009000000009	02 VAR bib

Por exemplo: neste listado de rexistros incompletos, se abrimos o primeiro deles atopamos que o dato que falta por introducir é o ISBN.

- **ID.111 - Préstamos sobrepasados**

  O informe *ID.111 - Préstamos sobrepasados* amosa o listado das persoas usuarias con fondos documentais pendentes por devolver (xa vencida a data de devolución). A táboa mostra tanto os datos da persoa usuaria (código, nome e apelidos, categoría á que pertence, e curso e grupo no que está adscrito), como os do fondo documental sobrepasado (biblionumber, título, autoría, número de rexistro, código de barras e data de vencemento). Nota: Podemos obter esta información dende a pantalla de inicio premendo en *Circulación* > *Atrasos*, onde podemos condicionar a busca a través de filtros e aparecen hipervínculos para acceder aos recursos ademais de ás persoas usuarias.

- **ID.148 - Exemplares por idioma (contador)**

  O informe *ID.148 - Exemplares por idioma (contador)* devolve o número total de exemplares por idioma que temos na nosa biblioteca, amosando o código do idioma, o idioma, o número de fondos documentais e a porcentaxe que cada idioma representa no total da colección.

Exemplares por idioma (contador)

Notas: Número de exemplares por idioma

Número total de resultados: 9.

Filas por páxina: 20

Idioma (008/35-37)	Idioma	Rexistros	Porcentaxe
		1	0.0182
|||		3	0.0546
cat	Catalán	10	0.1819
eng	Inglés	93	1.6918
epo	Esperanto	2	0.0364
glg	Galego	2448	44.5334
mul	Multilingüe	15	0.2729
por	Portugués	212	3.8566
spa	Castellano	2713	49.3542

- **ID.155 - Fondos documentais de ficción e de non-ficción**

  O informe *ID.155 - Fondos documentais de ficción e de non-ficción* ofrece información sobre a cantidade total e porcentaxe de fondos documentais de literatura de ficción e de literatura de non ficción (que o programa extrae segundo a información que teñamos consignada nas sinaturas dos ítems da nosa biblioteca).

Fondos documentais de ficción e de non-ficción

Notas: Fondos documentais de literatura de ficción e de literatura de non-ficción segundo as sinaturas.

Número total de resultados: 3.

Filas por páxina: 20

Tipo	Cantidade	Porcentaxe
Descoñecido	334	6.07
Ficción	1774	32.27
Non ficción	3389	61.65